

Guía docente

Título superior de diseño

Especialidade: INTERIORES

Disciplina: TALLER DE VOLUME (Optativa)

Índice

1.	Identificación e contextualización	3
2.	Descrición da disciplina	3
2.1	Descritores	3
2.2	Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
2.3	Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación	3
2.4	Metodoloxía	4
3.	Obxectivos.....	4
4.	Competencias que se desenvolven na disciplina	5
4.1	Competencias transversais	5
4.2	Competencias xerais	5
4.3	Competencias específicas da titulación.....	5
5.	Organización dos contidos	6
5.1	Contidos	6
5.2	Organización	6
6.	Procedemento de avaliación.....	6

Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de arte e superior de deseño "Pablo Picasso". A Coruña				
Web escolas	www.eapicasso.com				
Mail escolas	escola.artes.pablo.picasso@edu.xunta.es				
Materia	Optativa				
Disciplina	Taller de volume				
Carácter	Optativa (Op)	Tipo	Teórico-Práctica (TP)	Duración	Anual
Curso	Segundo			Créditos ECTS	6
Horas de clase semanais	2				
Horas de traballo non presencial	72				
Horas de tutoría	6				

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

- Realización de maquetas de traballo, volumétricas e miméticas de proxectos propios do deseño de interiores.
- Investigación do volume e a concepción espacial.
- Perfeccionamento das técnicas instrumentais da estrutura, a expresión e a representación bidimensional e tridimensional.
- Métodos de investigación e experimentación propios da materia.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Non se contempla

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Dotar ao alumnado das habilidades precisas para a investigación do aspecto volumétrico, como parte integrante no proceso proxectual en deseño de interiores.

Profundizar nos coñecementos e destrezas acadados na disciplina de Volume, do 1º curso, ao obxecto de que o alumnado mellore a súa habilidade para optimizar o proceso proxectual, a súa comprensión espacial e a relación entre o proxectado, a expresión gráfica, a expresión volumétrica e a realización.

2.4 Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicarase ao alumnado o desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicarase por parte do profesor/a os contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas, e proporcionarase a información e indicacións específicas para a realización do traballo de cada alumno/a.

Prácticas presenciais

Resolveranse por parte do alumnado, os exercicios prácticos propostos en cada tema, aplicando os contidos e información correspondente ao traballo de cada alumno/a.

Prácticas non presenciais

Resolverase, por parte do alumnado, algunha das partes do seu traballo que non precisen a utilización dos medios dispoñibles no taller, en especial, a procura da información gráfica necesaria para o desenvolvemento da práctica de cada alumno/a.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de todo ou parte do traballos realizados ao longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

- **Formativa.**
 - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
 - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- **Sumativa.**
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fóra del.

3. Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1.- Competencias transversais

- T1** - Organizar o trabalo de forma eficaz e eficiente.
- T2** - Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala.
- T3** - Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que realiza.
- T6** - Realizar autocrítica de cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
- T8** - Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T14** - Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
- T16** - Usar os métodos e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.

4.2.- Competencias xerais

- X2** - Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.
- X3** - Establecer relacións entre a linguaxe formal, alinguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
- X4** - Ter unha visión científica sobre a percepción e o compòrtamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
- X8** - Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
- X18** - Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.
- X19** - Demostrar capacidade crítica e saber formular estatexias de investigación.
- X21** - Dominar a metodoloxía da investigación.

4.3.- Competencias específicas da titulación


- E11** - Xerar e materializar solucións funcionais, formais e técnicas que permitan o aproveitamento e a utilización de espazos interiores.
- E12** - Concibir e desenvolver proxectos de deseño de interiores con criterios que comporten mellora na calidade, uso e consumo dos produtos
- E14** - Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.
- E17** - Coñecer as características, propiedades físicas e químicas e o comportamento dos materiais utilizados no deseño de interiores.
- E19** - Adecuar a metodoloxía e as propostas á evolución tecnolóxica e industrial propia do sector.
- E116** - Dominar os recursos formais da expresión e a comunicación visual.
- E117** - Comprender e utilizar a capacidade de significación da linguaxe gráfica.

5. Organización dos contidos

5.1 Contidos

- O concepto de maqueta no interiorismo: Clases de maquetas. Tipos de maqueta segundo a súa finalidade.
- Materiais. Planificación do traballo. Procedemento e técnicas. Obtención da información.
- Realización de maquetas: elección de escala/s. Materiais e procedementos específicos.
- Realización de maquetas: acabado, presentación, defensa e conservación.

5.2 Organización



6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.